



DEPORTE  
GALEGO

# III OPEN PRESIDENTE DA XUNTA MODALIDADE: SALMÓNIDOS MOSCA DÚOS COUTO DO XALLAS/BEBA- RIO XALLAS

DÍAS 18 E 19 DE ABRIL DO 2025

## PROGRAMA

### Xoves día 17

21,00 horas                      Sorteo de dorsais.  
21,45 “                              Cea.

### Venres día 18

07,00 horas                      Almorzo.  
08:45 “                              Inicio da 1ª quenda e da 1ª manga.  
10:45 “                              Fin da 1ª quenda da 1ª manga.  
11:30 “                              Inicio da 2ª quenda da 1ª manga.  
13:30 “                              Fin da 2ª quenda da 1ª manga.  
**DESCANSO**  
15:00 “                              Inicio da 1ª quenda da 2ª manga  
17:00 “                              Fin da 1ª quenda da 2ª manga.  
17:45 “                              Inicio da 2ª quenda da 2ª manga.  
19:45 “                              Fin da 2ª quenda da 2ª manga.  
21,45                                  Cea

### Sábado día 19

07,00 horas                      Almorzo.  
08:45 “                              Inicio da 1ª quenda da 3ª manga.  
10:45 “                              Fin da 1ª quenda da 3ª manga.  
11:30 “                              Inicio da 2ª quenda da 3ª manga.  
13:30 “                              Fin da 2ª quenda da 3ª manga.  
**DESCANSO**  
15:00 “                              Inicio da 1ª quenda da 4ª manga  
17:00 “                              Fin da 1ª quenda da 4ª  
17:45 “                              Inicio da 2ª quenda da 4ª manga  
19:45 “                              Fin da 2ª quenda da 4ª manga  
21,45                                  Cea  
Entrega de Premios

**Domingo día 20**                      Almorzo. Boa viaxe de volta a todos



DEPORTE  
GALEGO

## BASES

O deportista só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de reposto.

Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ao control, deberá facer uso dun redefol ou trueiro, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 122 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.

A adxudicación dos dorsais farase por sorteo.

A reunión do Pescador co Control farase xunto á táboa que sinale o inicio do tramo, augas abaixo.

### Material permitido:

**Canas.** Serán de libre utilización sen exceder de 366 cm. (12 pes) de lonxitude. Os competidores poderán ter montadas canas de reposto. Os competidores serán responsables de transportar e protexer o seu propio equipo.

**Carretes.** De bobina xiratoria e recollida manual ou automática.

**Liñas.** Cola de rata de calquera composición cun diámetro mínimo incluído recubrimento de 0,55 milímetros. (0,22" –polgadas-). As colas de rata deberán ter una lonxitude mínima de 22 metros.

**Anelas:** Un máximo de 3 micro anellas ríxidas (metálicas ou de material indeformable) dun diámetro exterior máximo de 3 mm.

**Baixos de liña.** De monofiamento cunha lonxitude máxima de dúas veces a lonxitude da cana utilizada. Os baixos de liña poden ser anoados de diferentes diámetros, sempre decrecentes para abaixo. A distancia mínima entre nos do baixo de liña será de 30 cm. Eses baixos de liña no poden ter elementos adicionais pegados ao mesmo a excepción das codelas que sosteñan os enganós..

### Permítese:

- O uso de liñas flotantes e de afundimento.
- Ao final da liña permítese un só bucle (lazada) dunha lonxitude máxima de 10 cm. para conectalo baixo de liña.
- O "streamer" e as moscas artificiais flotantes o fundidas, montadas sobre anzois simples.
- Tódolos anzois estarán conectados directamente o baixo de liña. As codelas de unión dos anzois o baixo de liña terán unha lonxitude mínima de 5 cm y estarán atados de modo que no se poidan deslizar sobre o mesmo.



DEPORTE  
GALEGO

- As moscas lastradas, sempre que o peso se agoche dentro do revestimento e que este non exceda da curva do anzol.
- Un só adorno visible, que mida como máximo 4 mm na súa dimensión máxima.
- Un máximo de tres moscas que estarán a unha distancia mínima entre elas de 50 cm. medidas de ollo a ollo, colgando libremente.

#### **Non se permite:**

- As cabezas disparadoras ou lanzadoras.
- Engadir pesos e dispositivos ou materias flotantes suplementarias as liñas.
- O uso de liñas de corpo chumbado.
- Engadir o baixo de liña elementos de flotación ou de afundimento..
- As moscas ou cebos que desprendan colorantes ou olores,
- Os anzois con arponciño. Os anzois deben estar desprovistos de rebaba, de modo que non ofrezca resistencia algunha a retirada a súa retirada.
- As moscas nas que o corpo este moldeado de plástico, goma ou silicona e as imitacións de vermes con estes materiais.

Ao longo da proba, calquera control pode pedir o exame dos aparellos de pesca dun deportista.

O deportista que non se presente, ou abandone a proba ou a acción de pesca, antes da hora oficial, perderá o seu dereito á clasificación e a continuar na proba. O dúo será eliminado da clasificación de ámbalas mangas.

O prezo da inscrición por deportista será de 75.- € (150.- € por dúo), que deberán ser aboados na conta da **F.G.P. ES34 2080 0176 9630 4001 0672**, antes da inscrición, na cal haberá que axuntar ao xustificante bancario do seu pagamento.

Para aqueles clubs que non tramitasen un mínimo de 20 tarxetas federativas no 2024, o importe da inscrición será de 125.- € por deportista inscrito, (50+75) 250.- € por dúo.

**A inscrición inclúe; 3 noites de aloxamento, 3 ceas e 3 almozos. Non se entregará picnic nin venres nin sábado.**

A data linde da inscrición é o sábado 15/03/2025 ás 14,00 horas. Cada club deberá formalizar a inscrición ao correo electrónico [delegadocoruna@fgpesca.org](mailto:delegadocoruna@fgpesca.org)

A capacidade do escenario quedou establecida en 32 dúos. As prazas serán adxudicadas por estrito orde de entrada no correo previsto para as inscricións. Tanto os deportistas coma os clubs polos que compitan, deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.



DEPORTE  
GALEGO

**Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra**

## **CLASIFICACIÓN**

A clasificación farase de forma individual en cada unha das catro mangas, sumando os postos obtidos aos da súa parella, facendo así unha clasificación dos dúos por mangas.

EXEMPLO: O dúo formado polo pescador 1 e o pescador 2

O pescador 1 na primeira manga fai un posto 10 na clasificación individual.

O pescador 2 na primeira manga fai un posto 7 na clasificación individual.

Polo tanto na primeira manga o dúo tería 17 puntos (10+7). Facéndose tamén así nas mangas sucesivas.

Da suma dos puntos do dúo nas catro mangas sairá a clasificación final ordenándose os puntos de menor a maior.

En caso de empate, desempatarase: primeiro polo número de capturas, despois pola captura máis grande e, de persistir o empate, polo número de dorsal máis baixo.

Ao remate da 2ª quenda da 4ª manga, tanto os deportistas que pesquen un tramo coma os deportistas que o controlen, serán responsables de recoller cintas e indicador do tramo. Os que pesquen ou controlen o tramo un, serán responsables da retirada das cintas e indicadores de FIN DE TRAMOS, de habelas. Os que pesquen ou controlen o dous retirarán tabliñas e cintas do un. Os que pesquen ou controlen o tres retirarán tabliñas e cintas do dous. E así sucesivamente ata o último tramo, que deberán retirar cintas e indicador do seu tramo e do tramo inmediatamente superior. O material recollido debe ser entregado á organización xunto coas plicas. A quen incumpra esta obriga poráselle un cero nesa manga, tanto ao pescador coma ao control.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma

Os tres primeiros dúos clasificados formarán a selección que represente a Galicia no campionato nacional desta especialidade na tempada 2026. Para poder optar a seren incluídos na selección, os dúos deberán de estar formados por dous deportistas que teñan tarxeta federativa por un mesmo club afiliado á Federación galega de Pesca e Casting.



DEPORTE  
GALEGO

A competencia para facer inscricións nas probas oficiais da FGPeC é única e exclusiva dos clubs afiliados á mesma.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap creado, especificamente para esta proba. sen previa solicitude de autorización.

Os deportistas terán un prazo de 30 minutos, a contar dende o remate da quenda de pesca, para enviar foto da plica ao número de teléfono que se lles indicará no momento do sorteo. Esgotado ese prazo sen recibir novas da plica, nesa quenda o deportista interesado puntuará cero.

No tempo que os deportistas estean pescando ou controlando, non poderá acceder aos tramos ningunha outra persoa, teña ou non relación con eles, agás o xuíz e os membros da organización. Se algún dos dous (deportista ou control) se decatase da presenza de terceiras persoas no tramo de pesca, deberán facelo constar na plica como incidencia. De non facelo así e a organización ter probas fidedignas de que houbo outras persoas no tramo mentres se desenvolvía a manga, quedarán fóra da clasificación desa proba tanto o deportista coma o control.

Queda terminantemente prohibido compartir fotos das plicas polo grupo oficial da competición.

Para calquera outra norma non descrita anteriormente aterémonos ao que resolvan o xuíz e o comité da proba.

### **NOTA IMPORTANTE**

**Malia ser unha competición por parellas, cada deportista deberá capturar e meter na sacadeira ou redefol as súas propias capturas polos seus propios medios. Sen axuda algunha do pescador co que fai dúo. O incumprimento desta norma será motivo de cero nesa manga para cada un dos membros do dúo.**

**Asinado: Juan Ramiro Agra Requeijo  
Presidente do Comité de Salmónidos da FGPeC**